

O Consorcio, Mapfre, Aon, Artai, Casares e Grupo San José destinos das prácticas dos alumnos do Plan Inicia

✍ REDACCIÓN · 📅 PUBLICADO O 13 DE XANEIRO DE 2017 · 📄 (0)

Os 40 alumnos do Plan Inicia Gerenciarys, -curso de posgrao da Universidade da Coruña que organiza a Cátedra Fundación Inade-UDC-, iniciaron o 9 de xaneiro a segunda fase da súa formación: **as sempre esperadas prácticas en empresas, cunha duración de 65 horas.**

As tarefas que están a facer están vencelladas con actividades de un xerente de riscos: saber identificar os riscos, avalialos, medilos e deseñar políticas de transferencia ao setcor asegurador. **Tamén deben manexar a xestión dos contratos de seguro e a tramitación de sinistros.**



As empresas que acolleron alumnos son corredurías de seguros, unha compañía aseguradora, unha asesoría actuarial e de riscos e unha corporación empresarial galega. **En cada empresa designouse un titor,** o encargado de avaliar ao alumno.

Pero **a nota final deste curso de posgrao será a media aritmética entre a media obtida nas notas conseguidas nos exames** realizados da fase académica do plan **e a cualificación do Traballo de Fin de Título** que os estudantes deberán defender durante a primeira semana de febreiro ante o tribunal. Para que os alumnos poidan obter o título, ademais de conseguir máis dun cinco nesa nota final, será preciso que acrediten a asistencia a polo menos o 80% da sesións e obter unha cualificación de satisfactorio nas prácticas en empresas que acaban de iniciar. **Será o 24 de febreiro cando se entreguen os diplomas nunha cerimonia presidida polo Reitor da UDC, Julio Abalde.** A fase académica desenvolveuse entre os meses de setembro e decembro, na Facultade de Dereito da UDC, cun total de 135 horas.

